

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE FEBREIRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se crea e regula o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado para a mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño - Sabarís e a PO-344 o seu paso polo núcleo urbano do Seixo (Tomiño), de clave: PO/17/003.11, no Concello de Tomiño.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Deputación Provincial de Ourense para a prestación de servizos mínimos no concello dos Blancos.
- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de acción exterior.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado para a mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño - Sabarís e a PO-344 ao seu paso polo núcleo urbano do Seixo (Tomiño), de clave: PO/17/003.11 e o seu expediente de información pública.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de tramitación da Orde conxunta do 27 de outubro mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego de atención a pacientes polimedicados.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a situación do Programa de casas niño da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe relativo aos convenios asinados no 2017 pola Consellería do Medio Rural e 35 concellos para a adquisición de tractores e apeiros co obxectivo da roza e limpeza de maleza para prevención dos incendios forestais.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde do 18 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en Peme de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2018.

APROBADO O DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O PRIMEIRO CONSELLO ASESOR DA PAISAXE DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de decreto polo que se crea este órgano colexiado en que se integrarán as administracións e expertos implicados en políticas da paisaxe*
- *Será o encargado de presentar propostas de estudo, de actuacións e de melloras en materia de paisaxe e servirá de foro para a posta en común das iniciativas sectoriais*
- *A súa constitución desenvólvese con base en 14 artigos que se agrupan en tres títulos distintos; obxectivo e natureza xurídica; funcións, composición e organización, e funcionamento do Consello Asesor*

A Comunidade galega contará co primeiro Consello Asesor da Paisaxe na Comunidade, tras a aprobación esta mañá no Consello da Xunta do decreto polo que se crea a regula este órgano colexiado.

Unhas das principais funcións do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia será informar das modificacións do Catálogo das paisaxes, e das directrices de paisaxe, co fin de achegar o coñecemento experto e local que se obtivo durante a elaboración do Catálogo a partir do panel de expertos e do proceso de participación pública.

Grazas á aprobación do decreto que crea e regula o Consello Asesor, Galicia contará cun órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento e materia de paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencias nos territorio para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas.

Neste consello integraranse as administracións públicas implicadas en políticas da paisaxe, e contará co asesoramento dos expertos nos diferentes eidos do estudo da paisaxe e dos sectores da sociedade que reflectan a percepción da paisaxe existente na poboación, propiciando, deste xeito, unha adecuada coordinación da política en materia de paisaxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, estarán representados a Administración autonómica, local, o Consello da Cultura Galega, as asociacións que teñan entre os seus fins a protección e mellora da paisaxe, as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, as organizacións empresariais intersectoriais galegas máis representativas, as universidades galegas e os especialistas en paisaxe, coa finalidade de que amplos sectores da sociedade se atopen representados na defensa da paisaxe galega.

Este organismo será o encargado de presentar propostas de estudo, de actuacións e de melloras en materia de paisaxe en Galicia para elevar ao organismo competente en materia de paisaxe, servir de foro para a posta en común das últimas iniciativas sectoriais e de investigación de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe. Tamén exercerá de órgano asesor e consultivo do organismo competente en materia de paisaxe, para analizar, con carácter previo á súa implementación, a adecuación de calquera política sectorial que poida producir un impacto sobre a paisaxe de Galicia; así como prestar o apoio na programación das políticas comúns en materia de paisaxe en Galicia e analizar propostas concretas de actuación e regulación normativa que se lle eleven, polo organismo competente en materia de paisaxe, para o seu informe.

Ademais, tal e como recolle Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, o Consello Asesor da Paisaxe é imprescindible para cumprir co desenvolvemento e aplicación en canto a asegurar unha idónea protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia. Deste xeito, garantírase a participación pública, en aras de expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes; como a dos expertos relacionados coa paisaxe, en representación de cada un dos valores recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia: naturais/ecolóxicos, culturais/patrimoniais, estéticos/panorámicos e de uso.

O decreto consta de catorce artigos, estruturados en tres títulos. No título I disposicións xerais indícanse o obxecto, natureza xurídica e réxime xurídico aplicable. O Título II Funcións, composición e organización do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, determina as súas funcións, composición, e organización e regula as funcións da presidencia, vicepresidencia, secretaría e vogalías, respectivamente. Por último, o título III Funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia establece o seu réxime de funcionamento, as convocatorias e sesións, o réxime de acordos e os recursos materiais e humanos deste órgano.

Tamén consta dunha disposición adicional única relativa á constitución do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, e dúas disposicións derradeiras: unha primeira dedicada á posibilidade de desenvolvemento normativo e unha segunda relativa á súa entrada en vigor, aos 20 días despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO E AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCIÓN DA VARIANTE DO SEIXO, EN TOMIÑO, MEDIANTE UN INVESTIMENTO DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS

- *Trátase dunha vía de novo trazado que proporcionará unha alternativa para reducir o intenso tráfico do núcleo urbano do Seixo e mellorar a conexión futura coa vía de altas prestacións Tui-A Guarda*
- *Tras encargarse de supervisar e aprobar o proxecto, a Administración autonómica destinará case 1 millón de euros ao proceso expropiatorio*
- *O Goberno galego cumpre así os compromisos adquiridos no convenio que asinou en agosto pasado co Concello de Tomiño e a Deputación de Pontevedra para o impulso conxunto desta actuación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se dispón a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción da variante do Seixo, no Concello de Tomiño. Ademais, o Goberno galego deulle o visto e prace definitivo ao proxecto de trazado desta infraestrutura.

Esta actuación, que suporá un investimento total de 3,5 millóns de euros, busca mellorar a conectividade da estrada provincial Tomiño-Sabarís (EP-3102), concretamente na avenida da República Arxentina, no núcleo do Seixo, e reducir o intenso tráfico que se rexistra actualmente a PO-344, na rúa Gondomar, grazas á un trazado dunha nova estrada que actúe de variante da PO-344 no núcleo urbano do Seixo.

A nova vía proporcionará unha saída natural á avenida da República Arxentina, e á estrada provincial que conduce á Pedra cara o leste do núcleo, e permitirá a futura conexión da PO-344 coa vía de altas prestacións Tui-A Guarda, sen necesidade de atravesar o núcleo urbano.


Tamén, comunicará os equipamentos existentes na estrada EP-3102 como o CEP Pedro Caselles, co centro de saúde, a residencia asistida, e mesmo co Instituto de Tomiño, inmediatos á avenida da República Arxentina.

Esta vía terá unha lonxitude de algo máis de 1,3 quilómetros e conectará coa estrada EP-3102 polo sur, coa PO-344 ao norte do núcleo do Seixo, así como co enlace previsto da vía de altas prestacións Tui-A Guarda. Será unha estrada con dobre sentido de circulación, de 10 metros de largo, seis para unha senda peonil e ciclista, bermas de 0,5 metros, e gabias de dous metros.

No seu trazado está prevista a execución de cinco glorietas nas interseccións coas rúas existentes, e proxéctase, a maiores unha conexión urbana de 150 metros, para unir a nova vía co centro urbano do Seixo.

Tras encargarse de supervisar e aprobar o proxecto, a Administración autonómica destinará case 1 millón de euros ao proceso expropiatorio. O Goberno galego cumpre así os compromisos adquiridos no convenio que asinou en agosto pasado co Concello de Tomiño e a Deputación de Pontevedra para o impulso conxunto desta actuación.

Con este paso, o Consello da Xunta permite que a Deputación de Pontevedra poida licitar e executar o contrato de obra.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS NO CONCELLO DE OS BLANCOS

- *A Deputación de Ourense solicitou autorización para asumir temporalmente a prestación dos servizos de auga potable, saneamento, pavimentación de vías públicas e acceso a núcleos de poboación e iluminación pública neste concello*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se autoriza a Deputación Provincial de Ourense para a prestación de servizos mínimos no concello dos Blancos, concretamente nos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, pavimentación de vías públicas e acceso a núcleos de poboación e iluminación pública.

A Deputación Provincial de Ourense solicitou á Vicepresidencia da Xunta, cumprindo coa Lei de Administración local de Galicia, a autorización para asumir temporalmente a prestación destes servizos no Concello dos Blancos, que na actualidade se atopa nunha situación de incapacidade financeira que lle impide prestar os servizos mínimos atribuídos por Lei.

Por esta razón, o Consello da Xunta autoriza a Deputación Provincial de Ourense para que asuma temporalmente estes servizos cumprindo a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e exercendo as funcións necesarias de ordenación e xestión durante o prazo de dous anos, que serán prorrogables no caso de subsistiren as causas de incapacidade financeira e non existir fórmulas alternativas para garantir a prestación dos servizos dentro do marco do plan de axuste aprobado polo propio Concello.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE ACCIÓN EXTERIOR PARA SEGUIR AVANZANDO NA CONVERXENCIA COA UE E NA INTERNACIONALIZACIÓN

- *O Consello aprobou hoxe esta planificación, que converte Galicia na primeira comunidade autónoma en contar cunha ferramenta destas características*
- *Entre as prioridades, tamén destacan a defensa dos dereitos da diáspora galega e o estreitamento dos vínculos con Portugal e a comunidade lusófona*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX), o que converte Galicia na primeira comunidade autónoma en dotarse dunha planificación destas características.

O obxectivo principal da EGAEX é servir como marco de referencia ás actuacións da comunidade autónoma no exterior e como guía dos operadores socioeconómicos no eido internacional. Para conseguilo, define ámbitos de actuación, obxectivos e os instrumentos necesarios para acadalos.

A estratexia fixa varias metas, entre as que destaca mellorar a converxencia respecto da media do conxunto da Unión Europea, en liña co que xa establece o Plan estratéxico Galicia 2015-2020.

Ademais, tamén aposta polo incremento da internacionalización da economía e por diversificar os mercados exteriores, un aspecto fundamental no proceso de globalización actual, que demanda iniciativas deste tipo, así como a protección dos intereses galegos.

Precisamente por isto, outro dos obxectivos fundamentais da EGAEX é a defensa dos dereitos e expectativas da diáspora galega nos estados nos que estea asentada. Así mesmo, tamén aposta polo estreitamento do vínculo con Portugal e a comunidade lusófona de nacións.

Outros aspectos relevantes da estratexia son o reto demográfico e as iniciativas para captar poboación; as relacións coa Unión Europea, especialmente de cara a un escenario post-2020 e prestando especial atención ao *brexit*; e unha aposta polo traballo en rede na Acción Exterior, tanto entre os axentes e actores galegos como coas restantes comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado.

En canto a países, no documento márcanse unha serie de opcións prioritarias, que comezan por Portugal, proseguen pola Unión Europea, e continúan por Latinoamérica, centrándose nas repúblicas con maior seguridade xurídica e estabilidade e naquelas con maior relevancia para a diáspora galega. Polo que respecta a África, a EGAEX subliña a importancia do seu Norte e da bacía sur do Mediterráneo (Marrocos, o Sáhara

Occidental e Mauritania), ademais de na África lusófona e Guinea Ecuatorial, para seguir traballando nos países prioritarios nos cales aínda hai posibilidades de afondar e mellorar as relacións. Tamén analiza as posibilidades de cooperación, sobre todo no eido da cooperación universitaria, en Oriente Próximo, Israel e a rexión Asia-Pacífico.

En definitiva, a premisa da estratexia é estar ao servizo dunha xenuína política de país, que faga fincapé na promoción da lingua, cultura e imaxe de Galicia e que abra novos retos e expectativas para a comunidade autónoma.

Por iso, de cara á súa elaboración, considerouse prioritario dotala da maior transparencia posible e buscar o meirande consenso social e político. Deste xeito, abríronse consultas cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia antes incluso de formular un borrador definitivo. Ademais, a estratexia foi informada polo Consello de Acción Exterior de Galicia -que conta coa representación dos principais axentes institucionais e sociais con proxección no exterior- e polo Parlamento de Galicia no último trimestre do 2017.

O CONSELLO DA XUNTA FAI BALANCE DAS AXUDAS POLOS INCENDIOS FORESTAIS DE OUTUBRO, QUE XA CHEGARON AOS PRIMEIROS BENEFICIARIOS

- *A Xunta mantén o seu compromiso de axilidade: as axudas habilitáronse menos dunha semana despois dos lumes e algunhas xa están pagadas tres meses despois*
- *Catorce dos quince solicitantes das axudas por danos persoais xa cobraron no mes de xaneiro e a persoa que falta farao de forma inmediata*
- *Tamén se aboaron xa as primeiras axudas para alugueiros dos realoxados pola vaga de lumes*

O Consello da Xunta fixo hoxe balance da orde de axudas habilitada menos dunha semana despois da vaga de lumes de outubro. Tres meses despois do suceso as axudas máis urxentes, as que corresponden aos danos persoais e ás familias realoxadas, xa foron aboadas. O obxectivo é avanzar nese compromiso de axilidade e que todas as axudas incluídas na orde estean resoltas no primeiro semestre do ano, de xeito que todos os afectados que cumpran os requisitos poidan ser resarcidos polos danos que sufriron.

Quince persoas solicitaron as axudas por danos persoais. En catorce casos xa se constatou que se cumprían os requisitos e cobraron o pasado mes de xaneiro, e no caso restante levarase a cabo o pagamento de xeito inmediato. Trátase de 75.000 euros por falecido e de entre 60 e 103 euros por día de hospitalización.

Outra liña da orde de axudas que xa fixo pagamentos é a da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para subvencionar o aloxamento provisional daquelas familias que perderon as súas casas. En total, polo momento concedéronse preto de 30.000 euros cos que se está axudando a sete familias.

Neste mesmo departamento hai outra liña, dotada de forma inicial con dous millóns, para subvencionar a reparación de danos producidos nas vivendas. O prazo para a admisión de solicitudes rematou onte e rexistráronse 158 peticións que están sendo tramitadas para ver se se adecúan aos requisitos da orde. O prazo de resolución está previsto para agosto, pero trabállase para acurtalo.

Xa se están analizando tamén as axudas destinadas a instalacións deportivas. Había habilitados 100.000 euros para asociacións, clubs e entidades que sufriran danos nas súas instalacións. Rexistráronse cinco solicitudes que suman algo menos de 60.000 euros. No eido turístico recibíronse 12 solicitudes de titulares de establecementos afectados e concellos cuxa sinalización se viu afectada. Suman 129.000 euros. En todos estes casos as peticións resolveranse a finais de abril.

No que respecta á caza, recibíronse 40 solicitudes por valor de 475.000 euros, que se resolverán neste mes de febreiro. E na liña habilitada para recuperar e reconstruír establecementos comerciais, mercantís e industrias recibíronse 27 peticións por un importe que supera os 5 millóns de euros.

Foi no departamento de Medio Rural onde máis solicitudes se recibiron, preto dun milleiro destinadas a paliar danos en pistas, captación de augas, madeira queimada e explotacións agrícolas e gandeiras, por un valor superior aos cinco millóns de euros.

No que se refire ás axudas en bens municipais, despois de recabar os datos necesarios a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), rexistráronse 57 concellos afectados que declararon danos por case seis millóns, dos cales 3,7 encaixan na orde de criterios para ser subvencionables.

Neste caso o Goberno galego está disposto a sufragar ata o 50% destes investimentos e a asinar convenios coas outras administracións para que se fagan cargo do outro 50%.

En total, nas nove liñas de axudas, rexistráronse 1.275 peticións por valor de 22 millóns de euros. O proceso de valoración e estudo determinará cal é a cifra definitiva de concesión. De todos modos, a propia orde establece a posibilidade de ampliar os créditos establecidos inicialmente de xeito provisional para que ningunha persoa que cumpra os requisitos quede sen a súa axuda.

Actuacións directas

A maiores das axudas, cómpre recordar que varios departamentos da Xunta de Galicia puxeron en marcha unha serie de actuacións directas para reparar os danos dos incendios. Así, a Consellería do Medio Rural xa tramitou encomendas de xestión por valor de 3 millóns de euros para a recuperación do potencial forestal en zonas afectadas e para o control dos riscos de erosión.

En Medio Ambiente xa se aprobou a declaración de emerxencia para facer fronte aos danos producidos no parque natural da Baixa Limia e na Reserva dos Ancares.

En Industria, asinouse un convenio coa Fundación AON para a asistencia e colaboración en materia de seguros e en Infraestruturas leváronse a cabo obras de emerxencia para reparar un total de dez estradas.

O NÚMERO DE PACIENTES CON MÁIS DE 15 MEDICAMENTOS PRESCRITOS DE MANEIRA CRÓNICA EN GALICIA REDUCIUSE NUN 20,72 % EN 2017

- *Máis de 69.500 pacientes foron revisados no marco do Programa de mellora na atención a pacientes crónicos e polimedicados*
- *O patrón epidemiolóxico destes pacientes responde a mulleres (60%) e pacientes de idade entre 71 e 90 anos (74,3 %), destacando 4.000 pacientes con idades comprendidas entre os 91 e os 103 anos*
- *Revisar a adecuación da medicación destes pacientes, diminuír erros na medicación, obter maior adherencia aos tratamentos, así como detectar e previr reaccións adversas son algunhas das finalidades do programa*
- *Un grupo de traballo interdisciplinar de 18 expertos estivo traballando na actualización do Programa e tamén na elaboración de diferentes estratexias a desenvolver no futuro inmediato e plasmadas en tres protocolos*

O número de pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica na historia clínica IANUS en Galicia reduciuse nun 20,72 % en 2017 con respecto do inicio do programa no ano 2011. Son datos do informe do Programa de mellora da calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados en Galicia presentados en Consello da Xunta polo conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña. Así, os pacientes con máis de 15 medicamentos pasaron de 9.479 a 7.515 entre o inicio do programa a outubro de 2017.

Tamén se reduciron os pacientes con máis de 12 medicamentos nun 9,38 %, que pasaron de 34.262 a 31.048 pacientes polimedicados, e os pacientes con máis de dez medicamentos reducíronse nun 3,59 %, pasando de 74.494 no inicio do programa a 71.821 en outubro de 2017.

En 30 de outubro 2017, un total de 69.528 pacientes están incluídos neste programa. O patrón epidemiolóxico destes pacientes responde fundamentalmente a mulleres (60 %), e pacientes de idade entre 71 e 90 anos (74,3 %), destacando 4.000 pacientes con idades comprendidas entre os 91 e os 103 anos.

En canto á adecuación da medicación, o programa detectou un 30 % de pacientes con prescricións potencialmente inadecuadas, e un 7,6 % de pacientes con falta dalgunha prescrición necesaria no paciente e non realizada. Outro dos problemas máis importantes nos polimedicados é a falla de adherencia ao tratamento, sobre todo en patoloxías crónicas. Pero, ademais da dificultade de tomar todos os medicamentos na dose e momento adecuado, a polimedicación favorece a aparición de reaccións adversas a medicamentos, e interaccións medicamentosas. Así, está constatado que a polimedicación é un factor que se asocia a un maior número de hospitalizacións, visitas

de enfermería a domicilio, fracturas, problemas de mobilidade, malnutrición e mortalidade.

Liñas específicas de actuación

O Programa iniciouse en Galicia no ano 2011 cun total de 9.500 pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica, o que poñía de manifesto a necesidade de iniciar este tipo de actuacións. O programa tivo como poboación alba inicial os pacientes crónicos e polimedicados que tomaban máis de 15 medicamentos, de forma continuada, durante un período igual ou superior a 6 meses; conforme foi avanzando o programa, fóronse revisando pacientes con menor número de medicamentos. Así, no ano 2013 traballouse cos pacientes que tiñan máis de 12 medicamentos, no ano 2014 cos pacientes que tivesen máis de 11, e desde ano 2015 extendeuse aos pacientes polimedicados e que teñen prescritos máis de 10 medicamentos de xeito crónico.

O obxectivo xeral deste programa é contribuír a incrementar a seguranza no uso dos medicamentos e os resultados en saúde a través da revisión e conciliación da medicación durante a atención hospitalaria e, na medida do posible, accións complementarias que axuden a mellorar a adherencia do paciente, o coñecemento da súa medicación e a educación sanitaria en xeral.

Detectar e resolver problemas relacionados co uso dos medicamentos, mellorar a adherencia terapéutica dos pacientes crónicos polimedicados e mellorar o coñecemento dos pacientes respecto ao uso e indicacións dos medicamentos son os obxectivos máis específicos deste programa.

Cabe destacar que con este programa se realizan de xeito paralelo actividades formativas co obxectivo de que os profesionais sanitarios comprendan a importancia da polimedicación como elemento que inflúe na saúde dos pacientes e, así mesmo, para facilitarlles ferramentas que melloren os seus coñecementos e habilidades na atención ao paciente maior polimedicado.

Retos do programa na actualidade

Durante un ano, un grupo de traballo interdisciplinar de 18 expertos estivo traballando na actualización do Programa e tamén na elaboración de diferentes estratexias a desenvolver no futuro inmediato e plasmadas en tres protocolos: Protocolo en Atención Primaria para a revisión da medicación do paciente crónico e polimedicado, Protocolo de Seguimento do paciente crónico e polimedicado en Atención Primaria, e Protocolo en Atención Hospitalaria (AH) para a revisión e conciliación da medicación do paciente crónico e polimedicado durante a estancia hospitalaria.

Con esta actualización do programa, preténdese contribuír a incrementar a seguridade no uso dos medicamentos e os resultados en saúde a través da revisión e conciliación da medicación durante o ingreso, estancia e á alta Hospitalaria e, na medida do posible, accións complementarias que axuden a mellorar a adherencia do paciente, o coñecemento da súa medicación e a educación sanitaria en xeral.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde traballa para poñer en marcha un plan de difusión do programa, tanto a nivel de profesionais sanitarios como da poboación xeral, e de deseñar e poñer en marcha un Plan de Formación para os profesionais de ambos os niveis asistenciais, que favoreza a áxil implantación do mesmo e minimize as posibles resistencias e dificultades técnicas.

A XUNTA CREA 235 PRAZAS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE 0 A 3 ANOS NO RURAL A TRAVÉS DO PROGRAMA DE CASAS NIÑO

- *A través das dúas convocatorias realizadas pola Administración autonómica en 2016 e 2017 apóiase o funcionamento de 48 recursos deste tipo*
- *A convocatoria que se publicará en 2018 ascenderá a 1,2 millóns de euros, co que o orzamento total destinado ás casas niño desde o 2016 ascende a 6,1 millóns de euros*
- *A través da convocatoria subvenciónanse a reforma e adaptación da vivenda e a dotación de equipamento e material (ata un máximo de 15.000 euros) así como a prestación da atención personalizada aos usuarios (consistente nunha prima de 19.600 euros)*

A Xunta de Galicia crea 235 novas prazas de atención á infancia –entre 0 e 3 anos- no rural a través das casas niño, tal e como informou hoxe en Consello a Consellería de Política Social.

As casas niño constitúen un recurso de conciliación posto en marcha de modo experimental no ano 2016 para dotar de servizos de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade dos núcleos rurais de Galicia con menos de 5000 habitantes que carecen deles.

A Administración autonómica publicou en 2016 e 2017 senllas convocatorias de axudas destinadas a apoiar a prestación deste servizo mediante fórmulas de autoemprego e de economía social. Nas dúas convocatorias presentáronse 73 solicitudes das cales se concederon 30 axudas en 2016 e 18 en 2017.

As dúas convocatorias do programa publicadas estiveron dotadas cun orzamento de 4,9 millóns de euros, dos cales 900.000 foron para gastos de investimento e 4 millóns para o desenvolvemento do proxecto.

A este crédito súmanse 1,2 millóns de euros cos cales se dotará a convocatoria que se publicará en 2018, co que o orzamento total destinado ás casas niño desde o 2016 ascende a 6,1 millóns de euros.

A través da convocatoria subvenciónanse a reforma e adaptación da vivenda e a dotación de equipamento e material (ata un máximo global por casa niño de 15.000 euros) así como a prestación da atención personalizada á infancia de entre cero e tres anos (consistente nunha prima de 19.600 euros).

Cada casa niño atende un máximo de cinco nenos e nenas, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se exige unha formación ou experiencia

profesional específica e se impoñen requisitos e normas de seguranza nas casas. Este recurso ofrece unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto durante un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que as familias poden pactar co profesional.

Os nenos e nenas que acudan ás casas niño deberán estar empadroados no concello en que esta se localice ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos.

Pola súa banda, as persoas beneficiarias das axudas deberán estar en posesión do título de técnico/a superior en Educación Infantil, grao en mestre/a de Educación Infantil ou Primaria, grao en Pedagogía, Psicoloxía ou Educación Social; ter un diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou ter formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Así mesmo, deberán residir nun dos núcleos rurais susceptibles de establecemento de casa niño, contar cun inmovible dotado cos recursos que se especifican na convocatoria e dispoñer dun plan de actuación para atender eventuais emerxencias que se poidan producir.

As axudas concedéronse en réxime de concorrencia competitiva, prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuir á revitalización demográfica e á cohesión territorial.

Tamén, para contribuir á integración laboral de persoas en situación de especial protección, recibiron unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 65, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 % sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Programa de apoio á natalidade

As casas niño son un dos recursos previstos na área de conciliación do PAN, un programa global que persegue dar resposta ás necesidades das familias galegas, garantir o seu benestar e apoialas de maneira igual e continua. Para iso, medidas en tres grandes áreas de actuación: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN Servizos.

A través de PAN Axudas, a Xunta quere contribuir a paliar o custo dos primeiros anos de vida dun fillo a través de incentivos fiscais e axudas económicas a través da tarxeta benvida.

Na área de PAN Servizos ofrécense recursos para as familias co obxecto de crear contornas favorables e mellorar o seu benestar no momento de chegada dun fillo ou filla. Entre as principais medidas desta área destaca a creación de dous bancos de leite materno nos hospitais da rede pública de Vigo e A Coruña.

O obxectivo das actuacións recollidas no PAN Concilia é crear un ambiente social favorable no cal non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial. As principais actuacións desta área, xunto coa posta en marcha das casas niño, son o fortalecemento da rede pública de escolas infantís (que conta con preto de 10.000 prazas dependentes directamente da Administración autonómica e preto de 23.500 prazas sostidas con fondos públicos), o bono concilia (axuda destina ás familias que non obtiveron praza en escolas públicas ou sostidas con fondos públicos que beneficia a 3700 familias), e a apertura de escolas infantís en contornas empresariais.

Cómpre destacar que a Xunta de Galicia conseguiu o obxectivo de que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos a obteñan e que non exista lista de espera.

A XUNTA AXUDA OS CONCELLOS A MANTER LIMPAS AS SÚAS VÍAS E PARCELAS CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS TRES MILLÓNS DE EUROS

- *Faise a través de convenios de colaboración subscritos con 35 municipios de Galicia*
- *O Consello da Xunta tivo coñecemento hoxe da conclusión deste proceso, que está previsto repetir o presente ano*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe final do proceso iniciado por primeira vez en 2017 para axudar os concellos galegos a cumprir coas súas competencias referidas á prevención de incendios. Así, investíronse máis de 3 millóns de euros para a compra de tractores en 35 municipios.

Fíxose a través de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os gobernos locais, que percibían ata 90.000 euros para a compra desta maquinaria con dous apeiros para rozas. A día de hoxe todos os concellos adquiriron xa estas ferramentas. Por provincias, Lugo é a máis beneficiada con 13 tractores, séguelle A Coruña con 12 e Ourense e Pontevedra recibiron cinco cada un.

Deste xeito, a Xunta de Galicia incrementa a súa colaboración cos municipios tal e como se comprometeu a través do plan de 30 medidas presentado polo presidente da Xunta incluídas na proposta de acordo forestal. Este era o primeiro ano que a Consellería do Medio Rural elaborou un programa deste tipo a través do cal se facilita aos concellos o cumprimento das súas obrigas en canto á execución das rozas e ao mantemento das vías municipais. Desde este departamento teñen intención de volver a ofrecer esta axuda no 2018 a outros concellos interesados.

Esta medida súmase a outras que xa viña aplicando a consellería co fin de axudar as entidades locais a cumprir coas súas obrigas, como o convenio marco de colaboración cos concellos para a prevención e defensa contra os incendios forestais e polo que as entidades locais poden subvencionar as rozas, dispor de motobombas e brigadas municipais.

AS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR BENEFICIARANSE DE PRETO DE 13 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula a convocatoria de 2018 destas achegas*
- *Teñen como obxectivo apoiar investimentos das pemes que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, que melloren a seguranza, a hixiene e as condicións de traballo, entre outros aspectos*

A Consellería do Mar destina preto de 13 millóns de euros á convocatoria de 2018 para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura. Deles, 4,7 millóns de euros son para a anualidade 2018 e a cantidade restante, 8 millóns de euros, para a anualidade 2019. A través destas achegas, cofinanciadas, co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), apoiaranse ata o 50 % dos investimentos que fagan as pemes que fomenten a sustentabilidade ambiental.

Así o sinala o informe sobre esta convocatoria de axudas, avaliado hoxe no Consello da Xunta. Nel tamén se reflicte que serán obxecto destas achegas os proxectos que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, que melloren a seguranza, hixiene, saúde e as condicións de traballo e que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se poida destinar ao consumo humano.

Ademais, son obxecto de subvención aquelas actuacións relacionadas coa transformación de produtos de acuicultura ecolóxica, así como aquelas que dean lugar a novos e mellores produtos, procesos e sistemas de xestión e organización, entre outros.

As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará nos próximos días o *Diario Oficial de Galicia*. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado desde o día seguinte á súa publicación no DOG.

Convocatorias anteriores

Das convocatorias de 2016 e 2017 desta orde de axudas beneficiáronse arredor de 80 pemes de transformación de produtos do mar por valor de máis de 12 millóns de euros. A través delas, subvencionáronse, entre outros proxectos, algúns relacionados con equipamentos para a mellora dos procesos de transformación, coa innovación no ámbito de novos e mellores procesos, coa mellora no tratamento de residuos e o aforro enerxético.